

1.406  
anos terra

CULTURA.20.

A NOSA TERRA  
13-19 DE MAIO DE 2010

# Perfecto Estévez, deseño e arte en tra

Deseñador gráfico e pintor formado nos anos nos que agromaba a esperanza democrática, morreu o 5 de maio na Coruña

Xan Carballa

O pasamento de Perfecto A. Estévez (Ourense, 1955), serve para resgatar na memoria un tempo no que as ideas de arte e intervención social camiñaban da man. O artista ourensán, que residía na Coruña, é un exemplo redondo do compromiso natural dunha xeración que viviu e protagonizou o final da Ditadura. Afnda que algún dos seus amigos, como Fiz Valcárcel ou Iñaki Basallo, poderían dar un retrato máis cabal da súa traxectoria artística, se consultamos a colección de *A Nosa Terra*, desde a reaparición no Nadal de 1977, atoparemos salferidas as súas colaboracións gráficas, e de percorrer unha colección do


cartelismo político e cultural da época, sorprenderá a forza e o criterio coa que un home novo era quen de erguer unha sólida traxectoria gráfica que se había consolidar co tempo.

Nado en Ourense en 1955, Perfecto Antonio Estévez xuntou a esas facetas reseñadas un labor profesional en axencias de publicidade –foi xefe do estudo gráfico da axencia de publicidade AHA–, director de arte do grupo Córcega e tamén deseñador da editora Espiral Maior ou colaborador de Baía Edicións, pero tamén realizou traballos gráficos para a Universidade da Coruña, a Xunta ou os concellos da Coruña e Sada. Foi ilustrador de libros e revistas, escenógrafo e tamén gravador, e é ben coñecida a súa obra no ámbito da cultura galega, a

cuxa restauración contribuíu decididamente, moitas veces con entrega militante.

No eido da pintura e do gravado, a súa era unha obra perto da abstracción e do grafismo xestual, presente en traballos como as catro láminas que realizou en 1992 para *A Nosa Terra*. Entre outras colaboracións cos escritores realizou os gravados do poemario *As ortigas da memoria* de Cesáreo Sánchez Iglesias, ilustrou traballos da Escola Dramática Galega, realizou ilustracións para diferentes editorais galegas e, algunhas, das súas últimas creacións foron para a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Afectado desde hai tempo dunha grave enfermidade, faleceu o pasado 5 de maio. O seu corpo, abrazado pola bandeira galega, foi incinerado na Coruña, logo dun acto poético e musical, no que interviñeron amigos seus como Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel Lourenzo, Xulio Valcárcel, Cesáreo Sánchez Iglesias e Xavier Seoane. ●



V XORNADAS DO CINE  
OURENSE  
1-6-Abril-1977



TRIBUNA ■ Cesáreo Sánchez Iglesias.

Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

## NO CORAZÓN DOS POETAS

Non me é fácil falar dun amigo con tantos proxectos aínda por facer, para celebrar o futuro no que sempre estará. Desde os tempos de Ourense en que nos coñecemos, nos comezos dos anos setenta, a súa obra foi tecéndose dende a tenrura e dende o amor á nosa nación. Moitos dos cartaces que ollastes naqueles anos, convocando a feitos culturais, sociais e políticos, viñan da súa man. El era a voz a nos convocar á liberdade

para os homes e mulleres desta terra, para que a Galiza renacera dun xeito novo.

O seu compromiso con esta Terra ven de moil lonxe. Hoxe vimos a abrazar ao amigo que parte coma andoriña, para permanecer. Na súa obra e no recordo da amizade as súas obras viven, vivirán nas nosas casas a ollar o mundo cos ollos das mulleres da Galiza, que son os ollos de Iolanda.

Dos libros dos poetas que el ilustrou fixo, aínda mais, o

territorio da poesía. Todo nel será memoria colectiva da nosa cultura nacional. Hoxe vimos a acompañar o seu longo camiño para formar parte dos bos e xenerosos que falan no Pórtico da Gloria d' *A Nosa Terra*.


Con Perfecto, hoxe todos faticamos tamén un pouco e ficamos a abrazar o fértil recordo da súa amizade, de Home Bo e Xeneroso e lémoslle poemas, a el que tanto amou aos poetas. ●

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL  
N.º 26 ■ Día 27.07.1977 ■ Ano 10 ■ N.º 30. Págs. 4

Porque para A NOSA TERRA, como periódico nacionalista a Patría Galega sempre tén sereno como unha Patría soberana e que responde ás necesidades das clases populares porque A NOSA TERRA sabe ben dos intentos manipuladores de alternancia recén chegadas ao novo goberno, que baixo dun linguaxe tecnicista encobren a perpetuación do sistema porque na dignidade informal dos traballadores e o dereito de ter as súas propias opinións.

A NOSA TERRA entende que o mellor funcionamento á Patría Galega son os traballadores que fan parte do poder político representado dun Goberno galego. Por iso a intención deste número especial promove nos días económicos e sociais para os cidadáns que seiran as primeiras medidas precisamente a buscar que este Goberno galego adoptara fronte de problemática que deve en favoriza o colonialismo. Non falla asemade o contributo testimonial dun grande patriota defensor dos dereitos do seu país como Teodoro Moscoso, ou o motivador discursivo que Daniel Castiello construíra agitando a alba dunha Galicia Ceibe. Un número extra que compartida hoxe de ser un recordamento sentido das xilias organizacións políticas patriotas que moitos se foron esforzando por agrupar e traballar na defensa dunha Galicia a máis a máis emancipación da Galiza do Biber. Continuaremos a NOSA TERRA, pendendo dos nosos militantes, que nos fan declarar periodicamente patriótico VIVA GALICIA CEIBE E POPULAR!



Cartaz das Xornadas do Cine de Ourense e portada de ANT do Día da Patría de 1978.

# nsición







XXX ANIVERSARIO  
asociación de escritores  
en lingua galega

CLUB XUVENIL  
"O GUIEIRO"



Dous logotipos e os catro gravados realizados para ANosa Terra en 1992



## EYJAFJALLAJÖKULL

Marga Romero

V elaf un nome que envolve unha palabra maravillosa: volcán. Ser todopoderoso que pode durmir máis de cen anos coma unha bela dormente e despertar un día, sen bicos. Cor vermella volcán que arde no ceo, rí-lume, carmín. Volcán illa Strómboli ollos de Ingrid Bergman. Volcán Sabinyo terra dos gorilas. Pompeia vida muda no Vesubio. Imaxes que se evocan mentres agardamos para facturar maletas, agora que a cinza que percorre coma unha fantasma contra o capital Europeo nos permite voar. Aeroporto de Compostela. Un peregrino gaba o queixo de Arzúa. mentres tres peregrinas comentan animadas a sorte que tiveron en Fisterra, xa que parou a chuvia ao solpor. Outro que escribe as "mellores guías" sobre os Camiños, fala do do Norte. Corrícolle os topónimos e expícolle a lección sobre a lingua, a literatura e o país. Atenden. Comentan da necesidade de información en Galiza que fale desta realidade, se o Xacobeo non explica o país quen o vai facer. Unha agradece ter que ficar tres días máis por causa do volcán, quen fai o Camiño moitas veces non vai máis alá dos seus pasos, Compostela non é a meta e polo volcán chegou a Fisterra, e é na volta onde cómpre a descuberta. Galiza non é España, comprendeu máis alá da frase que tiña lido o que había. Schade, o Pórtico da Gloria, nese estado. A Ana que volvía para Frankfurt e a min matounos a humidade de Compostela, máis tivemos tempo de gozar das amizades. Grazas a ese señor que detén a présa hai quen levaba unha mochila chea de latas de conserva, algún albariño e un paraguas de *Novas da Galiza* do mercado da rúa de San Pedro. A natureza é sabia e nós somos nada, sentenza. Maximino. Ponnos no seu sitio. ●

Ser todopoderoso  
que pode durmir cen anos  
e despertar sen bico"

